

DÚAS TRADUCCIÓNS Ó CASTELÁN DO HAMLET DE CUNQUEIRO

Xosé Antón Palacio
Universidade de Vigo

A finais do ano 1991, no número 241 da revista teatral *Primer acto* dedicado ó escritor Álvaro Cunqueiro, Xosé Cermeño publicou a traducción ó castelán da obra *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*¹.

Algo máis tarde, no ano 1992, Ediciones Destino, na súa colección Áncora y Delfín, publicou un volume que, co título de *El incierto señor Don Hamlet y otras piezas dramáticas (Teatro completo)*, recolle a traducción ó castelán do teatro galego de Cunqueiro, incluída, claro está, a peza mencionada². Neste

1. *Primer acto. Cuadernos de investigación teatral*, nº 241. V/1991, 65-93. Ademais da traducción do *Hamlet*, a revista recolle traballos sobre Cunqueiro de Helena González, Dolores Vilavedra, Alonso Montero, Ricard Salvat, Manuel Lourenzo, Xosé Cermeño, José Monleón e Damián Villalaín, así como *Una nota de Cunqueiro a "El incierto señor don Hamlet"*.

2. Cunqueiro, A., *El incierto señor don Hamlet y otras piezas dramáticas (Teatro completo)*, Destino, Barcelona 1992. Ademais das tres obras dramáticas que Cunqueiro escribiu en galego (*O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, *A noite vai coma un río* e *Palabras de víspera*), figuran neste volume *Función de Romeo e Xulieta*, famosos namorados que o mindoniense incluíra na súa novela *As crónicas do sochantre*, e maila brevísima peza –que leva o longo título *Escenas segunda e vixésimoquinta da peza de teatro chinés chamada "A dama que enganada por un demo elegante quixo mercarlle ao vento a perdiz que falaba ou A verdadeira historia dun mandarín que por non gastar quedou cornudo"*– incluída por Cunqueiro na súa novela *Se o vello Sinbad volvese ás illas*. O volume recolle ademais a traducción ó castelán do brevísimo texto *Xan, o bó conspirador* que, aínda que escrito segundo parece polo ano 1933, apareceu nas páxinas de *Grial* no ano 1978. E para que, como se nos di no título, fose realmente un "teatro completo", Losada engadiu a peza *Rogelia en Finisterre*, un texto en castelán que aparecera no suplemento literario de *Vértice*, en xaneiro de 1941. Os títulos en castelán son: *El incierto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*; *La noche va como un río*; *Palabras en la víspera*; *Juan, el buen conspirador*; *Función de Romeo y Julieta, famosos enamorados* e *Escenas segunda y vigésimoquinta de la pieza de teatro chino llamada La dama que enganada por un diablo elegante quiso comprarle al viento la perdiz que hablaba o La verdadera historia de un mandarín que por no gastar quedó cornudo*. (Ademais, claro está, de *Rogelia en Finisterre*).

caso, o responsable da traducción é o profesor Basilio Losada, catedrático de literatura galega na Universidade de Barcelona e avezado traductor, tanto ó galego (principalmente de poetas cataláns, como Pere Quart, Espriu, Domenech...) coma ó castelán (principalmente de autores portugueses e brasileiros, como Saramago ou Jorge Amado).

Despois das disparatadas e irresponsables traducións dalgúns dos textos cunqueirianos publicadas na editorial Tusquets³, a aparición en castelán desta peza teatral, en dúas traducións correctas –en liñas xerais–, alegrou a tódolos admiradores da obra do noso magnífico escritor.

A comparación das dúas versións pode ser un instrumento útil que brindamos ós estudantes da licenciatura de Traducción e Interpretación, que poden así contrasta-las solucións ofrecidas polos dous tradutores e ver cáles parece, en cada caso, a máis axeitada, precisa ou conveniente.

E só unha advertencia metodolóxica. Establecémo-la comparación entre o texto de partida, que indicamos coa páxina correspondente á 1ª edición de Galaxia⁴ entre parénteses, e os dous textos meta, indicados coas letras C (Cermeño) e L (Losada) seguidas das cifras indicativas das páxinas en que aparecen os exemplos citados nas edicións indicadas nas dúas primeiras notas a pé de páxina.

Os aspectos gráficos

Empezando polos aspectos meramente gráficos, podemos ver como a ausencia dun acento gráfico pode levar a lecturas diversas do texto de partida e, en consecuencia, a solucións diferentes nos dous textos de chegada. A ausencia, ata hai ben pouco tempo, dunha norma ortográfica perfectamente establecida para a lingua galega é un problema engadido que debe ter en conta todo traductor, que, ó enfrontarse cun texto galego, non debe esquecer-las peculiares circunstancias polas que atravesou a nosa cultura.

Na Escena III da Xornada Terceira, Escaramuza ofrécelle a Colombina un anelo dicíndolle estas palabras: *...Tráigoche unha pedra preciosa. E un anelo de París. Si Dinamarca fose miña, faría un anelo coela pra ti...* (65). Na edición de Galaxia 1974 falta o acento gráfico no E maiúsculo e eso leva a Losada a traducir por *Te traigo una piedra preciosa. Y un anillo de París...* (L86), é dicir, que Escaramuza ofrece, na versión castelá de Losada, dous regalos. Creo que o que Cunqueiro imaxinou é un só regalo, tal e como traduce Cermeño: *Te traigo una piedra preciosa. Es un anillo de París...* (C86).

A mesma confusión entre a copulativa e a terceira persoa do presente de indicativo de *ser* volvémosla atopar nas palabras do rei Halmar, quen inte-

3. Véxase Palacio, X. A., "Cunqueiro, traducido e traizoado", *Cadernos de lingua*, 4, Real Academia Galega, A Coruña, 1991, 87-98.

4. Cunqueiro, A., *Don Hamlet e tres pezas mais*, Galaxia, Vigo 1974.

rompe a Hamlet –que se dirixe a Gerda dicíndolle: ¡*Nai e señora serenísima!* ¡*Un fillo...*– poñendo de relevo a dobre condición de Hamlet e exclamando: ¡*Un fillo e un príncipe real!* (70). Tanto Losada coma Cermeño interpretan e (repárese que na 1ª edición de Galaxia non ten til⁵) como verbo e traducen por ¡*Un hijo es un príncipe real!* (L90;C88) en lugar da, ó meu ver, correcta tradución por ¡*Un hijo y un príncipe real!*, o que estaría en consonancia coa dobre condición de Gerda, manifestada máis arriba (*Nai e señora...*) e noutras ocasións: ¡*Ouviche o que dixo da Raíña, de miña señora e nai?*, (22). Do mesmo xeito, se Halmar se refire a Hamlet chamándolle *fillo e príncipe real*, tamén Hamlet aludiu antes á dobre condición de Halmar como home e como rei: ¡*Non hai alí, no mesmo tomo, un home e un Rei?* (25); máis adiante, cando ve que Halmar acaba de caer morto, salienta a súa dobre condición de *pai* e de *rei*: *Ese sapo, Escaramuza, era rei de Dinamarca i era meu pai e señor* (74).

Hai outro caso máis problemático. Xa contra o final da primeira intervención do coro, na primeira escena da peza, figuran na 1ª edición de Galaxia estas palabras: *Esto é Dinamarca. Dinamarca e vento* (19). A falta do til no e da segunda oración levou a Cermeño a interpretalo como copulativa: *Esto es Dinamarca. Dinamarca y viento* (C70). Pero trátase dun erro de imprenta corrixido na edición incluída nas *Obras Completas*⁶: *Esto é Dinamarca. Dinamarca é vento* (195). Soubo velo Losada, que nos dá a tradución correcta: *Esto es Dinamarca. Dinamarca es viento* (L48)⁷.

A morfoloxía

Entrando xa nos aspectos gramaticais, vemos así mesmo que os dous tradutores recorren a solucións diferentes. Así, Cermeño introduce ás veces artigos ou pronomes que non estaban no texto orixinal e suprime ou cambia os que si estaban:

O reino enteiro parecía unha mocedá (15) = *El reino entero parecía una juventud* (L45) = *El reino entero parecía en la mocedad* (C68)

5. A edición de 1980 trae *Un fillo é un príncipe real* (*Obra en galego completa, Poesía. Teatro*), Galaxia, Vigo, 1980, 237). Creo que se trata dunha corrección que non ten en conta a harmonía interna do texto: *Hamlet é fillo e príncipe real*, do mesmo xeito que Gerda é *nai e señora* ou *señora e nai* e que Halmar é *home e rei* ou *pai e señor*. Non sería, desde logo, a única evidencia da deficiente corrección de probas na edición que citamos; nela repítense dous erros da 1ª edición: a reiteración de *non se* (*Quero que os amores nosos non se [non se] representen nunca*; 51-52) e a reiteración consecutiva do encabezamento dun parlamento (*Escaramuza por Colombina*; 233). Os dous tradutores corrixen estes dous casos de despiste (L74,C81 e L86,C87, respectivamente).

6. Cunqueiro, *Obra en galego completa, Poesía. Teatro*, Galaxia, Vigo, 1980, 195.

7. Tamén é esta a interpretación de Anxo González Fernández, que titula “O ser e a nada, ou de como *Dinamarca é vento*” o 3º apartado do seu libro *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, Xunta de Galicia, Centro “Ramón Piñeiro”, 1995, p. 55.

propiedade lexítima dos teus señores reises (44) = *propiedad legítima de tus señores Reyes* (L69) = *legítima propiedad de tus señores los reyes* (C79)
Digo verdade (71) = *Digo verdad* (L91) = *Digo la verdad* (C87)
Cando souben, escollín (72) = *cuando supe, escogí* (L91) = *cuando lo supe, escogí* (C88)

Con menor frecuencia aparecen estos cambios en artigos ou pronomes na versión de Losada:

¿E o veneno en copa de prata? (70) = *¿Y el veneno en copa de plata?* (C88) = *¿Y el veneno en la copa de plata?* (L89)
¿E soupo el...? / *Non, non soupo...* / *Si, soupo. Soupo desde o comezo. Sabía e consentía* (73) = *¿Y supo él...?* / *No, no soupo...* / *Si, soupo. Soupo desde el principio. Sabía y consentía...* (C89) = *¿Y lo supo él...?* / *No, no lo soupo...* / *Si, lo soupo. Lo soupo desde el comienzo. Sabía y consentía...* (L92).

Pero tamén hai casos en que ámbolos tradutores coinciden na introducción innecesaria dun artigo ausente no texto de partida:

non fun eu quen desenvainou espada (75) = *no fui yo quien desenvainó la espada* (C90;L93)
¡Xúroche que dixeron verdade! (81) = *¡Juro que te dijeron la verdad!* (C91) = *¡Os juro que os dijeron la verdad!* (L98)

Fronte á moi precisa traducción de Losada, hai un caso en que o cambio do verbo (*vaias* por *dejes*) provoca, no texto ofrecido por Cermeño, a conversión dun pronome de interese *me* nun pronome de obxecto directo e a eliminación dun *te* reflexivo, co que desaparece o importante efecto estilístico conseguido no texto de partida coa reiteración do mesmo verbo, que intensifica o pedimento que Ofelia lle fai a Hamlet:

Non te vaias. Non te me vaias (64) = *No te vayas. No te me vayas* (L85) = *No te vayas. No me debes* (C86)

E do mesmo xeito que actúa cos pronomes, Cermeño introduce ou cambia preposicións inxustificadamente:

Aquel era un home verdadeiro... e coma cortesán, unha confiada xentileza (72) = *Aquel era un hombre verdadero... y, como cortesano, una confiada gentileza* (L91)... = *Aquel era un hombre auténtico... y como cortesano, de confiada gentileza* (C89)
vendida a varas (72) = *vendida a varas* (L91) = *vendida por varas* (C89)

Nalgún caso, a introducción da preposición, suscitada por unha lectura errada do texto orixinal, provoca enormes cambios no texto meta. Así, Gerda describe a chegada de Bertil, que volvía dunha incursión de pillaxe en España e contaba: "*¡en Cádiz quemamos o barrio das putas!* *¡Corteille estas trenzas*

mouras como a noite a unha moza que quixo fuxir!... E tiráballe as trenzas á Raíña vella" quen "*reclamaba fíos de ouro pra atalas á súa cachola monda, pintada de negro*" (46). Mentres Losada reproduce a escena, na que vemos ó personaxe que "*le tiraba las trenzas a la Reina vieja*" (L70), Cermeño le mal o texto e substitúe o demostrativo *estas* polo artigo *las*, co que temos a Bertil dicindo "*Le corté las trenzas... a una moza...*" e, ademais, tirándolle "*de las trenzas a la Reina vieja... que reía y reía, y reclamaba hilos de oro para atarlos a su cabeza monda, pintada de negro*" (C79). No texto orixinal e no que nos dá Losada hai, pois, unhas trenzas que o personaxe lle cortou a unha moza en Cádiz e que lle ofrece á raíña, que desexa atalas, con fíos de ouro, na súa cabeza. A tradución de Cermeño ofrécenos un texto ben diferente: hai, por un lado, as trenzas que Bertil lle cortou á moza gaditana; polo outro, vemos que a raíña –malia *te-la cachola monda*– ten outras trenzas, posto que Bertil lle tira *delas*, e os fíos de ouro xa non son para atalas na cabeza, senón para atalos (os fíos) na cabeza.

Con estes cambios nas preposicións, Cermeño chega incluso a usa-la construción *a + por + substantivo*, hoxe moi estendida –e incluso defendida por algúns autores– pero non admitida pola Real Academia Española:

...ao liño (16) = *...al lino* (L45) = *los navíos que van al Báltico* a *por lino* (C68)

Pero tamén Losada cambia preposicións. Hai un momento en que o coro di que, con ocasión das vodas reais, houbo moitas festas en Dinamarca e, nelas, *Hastra os cabalos beberon dobre cerveza de marzo*. Antes da xeneralización dos frigoríficos, que permiten fabricar cervexa no verán, e cando só se elaboraban cervexas desde outubro ata abril, distinguíanse as cervexas de inverno, que había que consumir pronto, e as cervexas de verán, que se gardaban en determinadas seccións das bodegas ata o verán ou o outono. Co sintagma *cerveza de marzo* designábase un tipo de cervexa especialmente elaborada con moito malte, que é o tipo de cervexa ó que se refire o coro, que ademais engade *dobre*, isto é, 'forte'. Cermeño mantén a preposición (*cerveza de marzo*; C72), pero Losada, ó cambia-la preposición, introduce un importante cambio no texto de chegada: *Hasta los caballos bebieron doble cerveza en marzo* (L53).

O cambio do verbo *tras* por *levas* obriga a Losada a introducir, de novo, un cambio preposicional (*en* por *a*). Neste caso, Cermeño conserva o verbo do orixinal, pero introduce un pronome *te* que provoca unha oración claramente agramatical:

Baixas pola escadeira de caracol. Tras un dedo nos beizos (65) = *... de caracol. Te llevas un dedo a los labios* (L85) = *... de caracol. Te traes un dedo en los labios* (C86).

É sabido que unha das trapelas onde os tradutores do galego ó castelán están expostos a caeren é a que se refire ó uso do pretérito perfecto simple en

contextos onde deberían usalo composto (*cantei / canté* ou *he cantado*⁸), ou ó revés. Na tradución de Cermeño non aparece nunca o perfecto composto, o que se podería xustificar nun intento por parte do traductor de reproducir un trazo característico do castelán falado en Galicia, do mesmo xeito que o propio Cunqueiro utiliza frecuentemente, cando escribe en castelán, a forma *cantara* no canto de *había cantado*. En todo caso, non é este o criterio de Losada, quen si utiliza ás veces o perfecto composto. Velaquí as diferencias entre os dous textos de chegada:

incrinache (18) = *inclinaste* (C69) = *has inclinado* (L48)
chegou o inverno (30) = *llegó el invierno* (C74) = *ha llegado el invierno* (L57)
non falei nunca co estudante (32) = *no hablé nunca con el estudiante* (C74) = *no he hablado nunca...* (L59)
non os sumei nunca (44) = *no se los sumé nunca* (C79) = *nunca los he sumado* (L69)
non sumache endexamáis (44) = *no sumaste jamás* (C79) = *jamás has sumado* (L69)
xa chegou o meu fodedor (46) = *ya llegó mi follador* (C79) = *ha llegado ya mi jodedor* (L70)
non tiven paz (47) = *no tuve paz* (C80) = *no he tenido paz* (L71)
Esquirbiche, Hamlet, os amores nosos (51) = *Escribiste, Hamlet, los amores nuestros* (C81) = *Has escrito nuestros amores* (L74)
¿Puxeches a comedia en verso? (54) = *¿Hiciste la comedia en verso?* (C82) = *¿Has puesto la comedia en verso?* (L76)
Coneciche moitas mudanzas ... Pasou pola túa man moito ouro (54) = *Conociste muchas mudanzas... Pasó por tu mano mucho oro* (C82) = *Has conocido muchas mudanzas ... Ha pasado por tus manos mucho oro* (L76)
Miramos unha famosa xusticia (57) = *Vimos una famosa justicia* (C78) = *Hemos visto una famosa justicia* (L78)
Foise o sol e aínda non nasceu a lúa (65) = *Se fue el sol y todavía no nació la luna* (C86) = *Se ha ido el sol y no ha nacido aún la luna* (L86)
Dixéronme que non coñecías muller, ¿non si? (80) = *Me dijeron que no conocías mujer, ¿no es verdad?* (C91) = *Me han dicho que no conocías mujer ¿es así?* (L98)

Tamén atopamos cambios, ó noso ver innecesarios, nas perífrases que aparecen no texto de partida. Isto é o que fai Losada coa perífrase pasiva: *o trigo chega a sazón i é segado* (21) = ... *y es segado* (C70) = ... *y lo siegan* (L50).

Nun diálogo entre Polonio e Gerda, o primeiro di *Un autor* ha de facer *brillar a xusticia...* e a segunda, cunha estrutura paralelística que repite a perífrase obrigatoria, engade: Ha de considerar *as calidades dos espíritos* (55). Aínda que cambia innecesariamente nos dous casos a perífrase, Cermeño mantén o paralelismo e traduce *Un autor* debe facer *brillar la justicia...* Debe considerar *las calidades de los espíritus* (C82). Paradoxalmente, e sendo literalmente máis

8. Véxase sobre isto Valentín García Yebra, "Problemas de las traducciones de lenguas románicas al español", en *Traducción: historia y teoría*, Gredos, Madrid, 1994, 363 (referido ás interferencias do portugués).

fiel, ó cambiar soamente unha das perífrases, na traducción de Losada pérdese o efecto estilístico conseguido coa repetición do mesmo complexo verbal: *Un autor tiene que hacer que brille la justicia...* Ha de considerar *las calidades de los espíritus* (L77). Tamén noutros casos parece observarse nos dous tradutores unha certa resistencia ó uso *haber + de + infinitivo* como obrigatoria, que prefiren verter con outras perífrases: *¡Hei ser ouvida!* (70) = *¡Quiero ser oída!* (L90) = *¡Debo ser escuchada!* (C88).

Hai outros cambios gramaticais non plenamente xustificados. Por exemplo, mentres Losada respecta na súa traducción o xénero e o número dos substantivos e adxectivos do texto orixinal, Cermeño modifícaos nalgũa ocasión:

Si foras un xerro de preciado viño (64) = *Si fueras un jarro de vino* (L85) = *Si fueras una jarra de preciado vino* (C86)
de esterco mouros e quentes (72) = *de estiércoles negros y calientes* (L91) = *de estiércol oscuro y caliente* (C 89).

A sintaxe

Tamén no terreo da sintaxe o texto de Cermeño se mostra máis afastado do orixinal, pois que modifica máis frecuentemente ca Losada a orde dos elementos da frase:

Unha voz semellante precisaría (21) = *Una voz semejante precisaría* (L50) = *Necesitaría una voz semejante* (C70)
Escóitase fora unha música (49) = *Se oye fuera una música* (L72) = *Fuera se escucha una música* (C80)
Nada, total. (71) = *Nada, total.* (L90) = *Total, nada.* (C88)
Dúas persoas, en demasía doentes de desacougo, están ahí (84) = *Dos personas, en exceso enfermas de desasosiego, están ahí* (L100) = *Dos personas aquejadas en demasía de desasosiego están ahí* (C93)

Algunhas veces, os dous tradutores coinciden no cambio da orde sintáctica, nalgún caso unido a outros cambios dos arriba sinalados:

unha espada de precio, na sombra afiada (28) = *afilada en la sombra* (C73;L55)
Trae nunha man un papel (30) = *Trae un papel en una mano* (C74) = *Trae un papel en la mano* (L57)
Eres un fermoso home (77) = *Eres un hombre hermoso* (C90;L95)
¡Son morto! ¡Estas espadas de Italia teñen follas mui longas! (74) = *¡Muerto soy!*
¡Estas espadas de italia (sic) tienen hojas muy largas! (C89) = *¡Muerto estoy!*
¡Estas espadas de Italia tienen muy larga la hoja! (L93)

O léxico

Pero é no terreo do léxico onde atopámo-las solucións máis diferentes. Referíndose á traducción de dúas linguas tan próximas como o francés e o español, o profesor García Yebra ten asegurado que *cuando la traducción palabra por palabra es posible, suele ser la mejor, y, por tanto, no es necesario, ni siquiera conveniente, recurrir a otra*⁹. Este tipo de traducción, segundo García Yebra moi poucas veces posible entre as linguas a que el se refire, éo moito máis en linguas tan próximas como o galego e o castelán e, desde este punto de vista, podemos dicir que, en xeral, a traducción de Losada é moito máis fiel, e polo tanto mellor, cá de Cermeño, que resulta moito máis libre. Son moi poucos os casos en que o texto de Losada se afasta máis do de Cunqueiro cá versión de Cermeño; velaquí algúns:

vendo un rei saír á batalla (15) = *viendo a un Rey salir a batallar* (C68) = *viendo salir un Rey a guerras* (L44)
unha única fiestra (16) = *una única ventana* (C69) = *una sola ventana* (L46)
lume canso (17) = *fuego cansado* (C69) = *fuego fatigado* (L46)
a naide lle praxe saír de Elsinor (17) = *a nadie le place salir...* (C69) = *a nadie le apetece salir...* (L47)
preste a osar (45) = *dispuesto a osar* (C79) = *dispuesto a arriesgar* (L69)
Polo que se ve (58) = *Por lo que se ve* (C83) = *Por lo visto* (L79)
E un anelo de París... faría un anelo coela... luce este anelo (65) = *Es un anillo de París... haría un anillo con ella... luce este anillo* (C86) = *Y un anillo de París... haría con ella un anillo... luce esta sortija* (L86)
tecedor do río (79) = *tejedor del río* (C91) = *leve insecto del río* (L97)
está escoitando Ofelia (71) = *está escuchando Ofelia* (C81) = *está escondida Ofelia* (L90)
ise toxo (71) = *ese tojo* (C88) = *esa aliaga* (L91)
en demasía (84) = *en demasía* (C93) = *en exceso* (L100)

Moito máis abundantes son os casos en que ocorre o contrario, é dicir, aqueles en que o texto castelán de Cermeño está máis distanciados do de Cunqueiro có texto castelán que nos ofrece Losada. Vexámolo con algúns exemplos:

aconteceu (12,58) = *aconteció* (L38,80) = *ocurrió* (C66,83)
augas podres (14) = *aguas podres* (L43-44) = *aguas podridas* (C61)
desta peza (15) = *de esta pieza* (L44) = *de esta obra* (C68)
no mar libre (15) = *en el mar libre* (L15) = *en el mar abierto* (C69)
fermosos tempos (15) = *hermosos tiempos* (L45) = *buenos tiempos* (C68)
pan trigo (15) = *pan de trigo* (L45) = *pan blanco* (C68)
corredores (16) = *corredores* (L45) = *pasadizos* (C68)

9. García Yebra, Valentín, *Teoría y práctica de la traducción*, Grados, Madrid 1982, I, 407.

pousa (18,29) = *posa* (L49,56) = *deja* (C70) e *coloca* (C73)
herba da fame (21) = *hierba del hambre* (L50) = *algarroba* (C70)
Moitas festas (25) = *Muchas fiestas* (L52) = *Grandes fiestas* (C72)
lucidos anelos (26) = *lucidos anillos* (L54) = *brillantes anillos* (C72)
a mediodía (28) = *a mediodía* (L55) = *a plena luz* (C72)
vario decir (29) = *vario decir* (L56) = *variada expresión* (C73)
permanecen (30) = *permanecen* (L57) = *se quedan* (C74)
unha polida doncela (35) = *una pulida doncella* (L61) = *una gentil doncella* (C75)
Percisamos (38) = *Precisamos* (L64) = *Necesitamos* (C77)
que dela foi (40) = *que de ella fue* (L66) = *que fue suyo* (C77)
heino manter (49) = *lo he de mantener* (L72) = *he de conservarlo* (C80)
teño a réditos (44) = *tengo a réditos* (L69) = *tengo arrendada* (C79)
escola de maneiras (46) = *escuela de maneras* (L70) = *escuela de modales* (C79)
Eu non fago o pranto a un difunto (47) = *No le hago el planto a un difunto* (L71) = *No soy la plañidera de un difunto* (C80)
Traerán modas e decires (49) = *...modas y decires* (L73) = *...modas y dichos* (C80)
Beilaban a rizada (50) = *Bailaban la rizada* (L73) = *Bailaban con molinetes* (C81)
movedizo (50) = *movedizo* (L73) = *bullicioso* (C81)
esgota a laranxa (51) = *agota la naranja* (L74) = *exprime la naranja* (C81)
conto (53) = *cuento* (L75) = *hablo* (C82)
somentes dubido (53) = *solamente dudo* (L75) = *solamente tengo dudas* (C82)
unha parede chea, sin un van (58) = *una pared sin un solo vano* (L79) = *una pared recia, sin un hueco* (C83).
aluma (58) = *alumbra* (L79) = *ilumina* (C83)
Emparelléi coela (59) = *Emparejé con ella* (L80) = *La alcancé* (C84)
ondas (59) = *ondas* (L80) = *olas* (C84)
agasallo (59) = *agasajo* (L80) = *regalo* (C,84)
Adeus Gaiferos, que te vas para tan lonxe, tan ben mantido sempre, tan sentado no teu cabalo... (60-61) = *Adiós, Gaiferos... tan bien mantenido siempre* (L81) = *Adiós, Gaiferos... tan bien conservado siempre* (C84)
grasa de porco (61) = *grasa de puerco* (L82) = *grasa de cerdo* (C85)
na noite (62) = *en la noche* (L84) = *en tinieblas* (C85)
Boas horas (63) = *Buenas horas* (L84) = *Felices horas* (C85)
branquísima pel, curada con leite de corza (65) = *blanquísima piel, curada con leche de corza* (L86) = *blanquísima piel, cuidada con leche de corza* (C86)
un polido mandadeiro (72) = *un pulido mandadero* (L91) = *un amable recadero* (C89)
Aquel era un home verdadeiro ... unha xusticia... (72) = *Aquel era un hombre verdadero ... una justicia...* (L91) = *Aquel era un hombre auténtico... justo...* (C89)
desde o comenzo (73) = *desde el comienzo* (L92) = *desde el principio* (C89)
seguro (74) = *seguro* (L92) = *certero* (C89)
fan o pranto (83) = *hacen el planto* (L99) = *lloran y se lamentan* (C92)
de novo (84) = *de nuevo* (L100) = *nuevamente* (C92)
cando chegou Ofelia mandada (84) = *cuando llegó Ofelia mandada* (L100) = *cuando llegó Ofelia con el recado* (C93)
Na miña peza, Polonio... (84) = *En mi pieza...* (L100) = *En mi obra...* (C93)
¿Érache preciso tanto sangue, Hamlet? (85) = *¿Y te era precisa tanta sangre?* (L101) = *¿Necesitabas tanta sangre, Hamlet?* (C93)

Noutros casos, e sen que tampouco poidamos dicir que a traducción de Cermeño chegue a ser incorrecta, o certo é que a traducción de Losada manifesta unha maior precisión léxica; así, cando traducen *peirao* (14) por *puerto* (C68) e por *embarcadero* (L43); *berradores* (18) por *ruidosos* (C70) e por *gritadores* (L48); *morgado(s)* (22,16) por *primogénito(s)* (C71,68) e por *mayorazgo(s)* (L51,45); *alleos* (52) por *demás* (C81) e por *extraños* (L75); *avaricentos* (77) por *avaros* (C90) e por *avariciosos* (L95); *El un leirón, i eu outro leirón* (85) por *El era una sabandija y yo otra sabandija* (C93) e por *Él, una rata, y yo, otra rata* (L101); *O cocho bravo na fraga, cando toma campo, abeado polos cás* (67) por *El jabalí en el bosque, cuando toma carrera, acosado por los perros* (C87) por *El jabalí en la espesura, cuando toma campo, acosado por los perros* (L87).

Nalgún caso, isto ocorre coa terminoloxía específica. Así, cando Cunqueiro escribe “*nunha nave que veña de Noruega con todos os árbores abertos*” está botando man do termo *árbore* que na terminoloxía marítima significa ‘Cualquiera de los palos o masteleros de una embarcación’ (ERG¹⁰). O termo específico mantense na traducción de Losada (... *con todos los árboles abiertos*; L86) pero Cermeño cae na tentación de facer unha traducción explicativa: *una nave que venga de Noruega con todas las velas desplegadas* (C86).

Moito menos frecuentemente atopámo-lo caso contrario, unha maior precisión léxica na palabra elixida por Cermeño:

Preferiría un amor con versos e salaios, unha espiritual amizade (66) = *Preferiría un amor con versos y suspiros...* (C86) = *Preferiría un amor con versos y sollozos...* (L86).

Cermeño cae ás veces na infratraducción. Se temos en conta que *jabato* é, no DRAE, ‘Valiente, osado, atrevido’ e ‘Hijo pequeño o cachorro del jabalí’, o substantivo composto das palabras de Hamlet ...*que é un home robusto, un grande fornicador, un cocho bravo* (68) resulta inadecuadamente traducido por ...*que es un home robusto, un gran fornicador, un jabato* (C87). Outra vez, é máis axeitada a traducción por *un jabalí* (L88) que fai Losada.

Os dous tradutores manteñen, e fan ben, as peculiares e arcaizantes formas toponímicas cunqueirianas: *as bocas do Reno* (41), *Witenberga* (41) consérvanse nas dúas versións castelás: *las bocas del Reno* (L67; C78) e *Witemberga* (L67), *Witenberga* (C78). Non respectan, en cambio, a presenza do artigo ante o topónimo: *Viña do Sur*, da *España* (46) pasa a ser, nas dúas traduccións, *Venia del sur*, de *España* (C79;L70).

Moi distinto é o tratamento do léxico noutros casos. Así, a diferenza do que fai Cermeño na súa versión castelá, onde traduce *froresta* (14) por *bosque* (C68), *nao* por *nave* (C68) e *naos* (38,82) por *naves* (C76,92), *prestes* (28) por *dis-*

10. Rodríguez González, Eladio, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Galaxia, Vigo, 1958. En adiante, ERG.

puestos (C73), *vestes* por *trajes* (C72), *escano* (nas anotacións, 45; no texto, 64) por *banco* (C79, 86) e *pasamán de veludo* por *galón de terciopelo* (C84), Losada mantén, moi atinadamente ó meu ver, os latinismos e os termos poéticos e arcaizantes que aparecen na lingua de orixe: *froresta* = *floresta* (L43), *nao* = *nao* (L44) e *naos* = *naos* (L64) –pero *naos* = *naves*, (L98)–, *prestes* = *prestos* (L56), *vestes* (21) = *vestes* (L53), *escano* = *escaño* (L69,85) e *pasamán de veludo* (59) = *pasamano de velludo* (L80)¹¹.

Aínda que tamén hai algún caso en que é Cermeño o que mantén a expresión arcaizante (*por mor do vento*; 10 = *por mor del viento*; C70), mentres que Losada prefere actualizala (*por causa del viento*; L48).

En cambio, e sen que atinemos a comprende-la razón para facelo, ámbolos tradutores cambian para *cementerio(s)* (L68,69;C78) a palabra *camposanto(s)* do orixinal (44) as catro veces en que aparece. O mesmo ocorre co verbo da frase *todo mudóu* (69), que coinciden en traducir por *todo cambió* (C88;L89). Outra ocorrencia de *preste* (*preste a ousar*;45) non se mantén en ningún dos dous: *dispuesto a osar* (C79) e *dispuesto a arriesgar* (L69).

O DRAE rexistra o uso de *heredado* co sentido de ‘que herdou’. Cando escribe en castelán, Cunqueiro bota man moitas veces deste uso, un uso antigo que xa atopa nunha novela bizantina na que le con pracer as aventuras dun cabaleiro catalán que andou cos almogáraves pola Asia Menor e termina casando cunha pastora; a novela, dinos Cunqueiro, remata con estas palabras: “*Sus nietos están muy heredados en Aragón, casados con ricas gentes de España*”¹². Noutro momento, Cunqueiro describe os esforzos dun xudeu toledano do século XV por casar unha súa filla, que só quería desposar cun príncipe, e que soamente encontraba “*buenos mancebos, algunos bien heredados, que serían buenos maridos...*”¹³. Pois ben, este uso é levado por Cunqueiro ó galego cando, por voz do Coro, nos di que Ofelia “*Está mui herdada. Durme en almofadas bordadas...*” (C32). A traducción “palabra por palabra” (*Está muy heredada*) sería, neste caso, a máis axeitada e a ela achégase bastante Losada (*Son muchas sus herencias*; L59), pero Cermeño é infiel na súa versión: *Está muy mimada* (C75). Un pouco máis adiante, *Tan noviña e xa tan herdada* (35) transfórmase en *Tan jovencita y ya heredera* (L61) e en *Tan jovencita y ya con tantas heredades* (C75).

Como acabamos de comprobar no caso de *herdada*, o coñecemento da obra completa dun autor é imprescindible para facer unha boa traducción de calquera dos seus textos. Uns textos aclaran outros sempre, e máis en Cunqueiro, un autor que retextualiza constantemente. A lectura dun texto cunqueiriano no que se afirma que “*Las perlas son seres vivos, que en ocasiones*

11. Cfr. *velludo* ‘felpa de terciopelo’ no Diccionario da Real Academia Española.

12. Cunqueiro en la radio “*Cada día tiene su historia y otras series*”, Ed. da Fundación Barrié de la Maza, A Coruña 1991, 438.

13. *Ibidem*, 295.

enferman. Para curarlas, muchas veces basta en ponerlas en contacto con una piel femenina durante unas cuantas horas cada día...”¹⁴ abonda para comprobar que a tradución da pregunta *¿Non ves como esta pérola está un algo doente e perde brillo?* (C74), que Gerda lle fai a Halmar, é moito máis axeitada na versión de Losada (*¿No ves cómo esta perla está un poco enferma y pierde brillo?*; L93) ca na de Cermeño: *¿No ves cómo esta perla está un poco dañada y pierde brillo?* (C89).

Nas primeiras páxinas do texto inicial lemos que *Son donos de Elsinor... uns que chaman Hardrada, apelido que se anosa decindo “pelo roxo”* (15). Figura neste fragmento a forma verbal *anosa* (de *anosar*), que é probablemente unha –magnífica– creación cunqueiriana que aínda non figura en ningún dos nosos dicionarios¹⁵. A tradución de Losada para esta forma verbal ten en conta a súa relación etimolóxica co posesivo, mentres que esa relación se perde na de Cermeño: *Hardrada, apelido que en nuestra habla daría “los del pelo rojo”* (L44) e *Hardrada, apelido que traducimos por “pelo rojo”* (C68). En cambio, como vemos, os dous tradutores caen na trapela tendida polo falso amigo (*roxo*) e coinciden en traducir por “pelo rojo”. Seguramente ningún dos dous tivo presente o texto “La botica de Elsinor” que comeza con estas palabras: “La botica de Elsinor, es decir la de Hamlet Hardrada, que se traduce por Hamlet Cabellorrubio”¹⁶, onde comprobamos de novo que o propio Cunqueiro aclara cun texto castelán outro galego.

Pero tamén hai en Cunqueiro, e son moi característicos dos seus escritos galegos e casteláns, unha chea de galicismos e de italianismos que non deberían desaparecer na tradución; por iso, cremos que debería manterse o galicismo (ou lusismo) da frase *Debéu de erguer a copa sin hesitar, sin un tremor* (29), galicismo que Losada substitúe por *vacilar* (L56) e Cermeño por *dudar* (C73). Tamén se pode interpretar como galicismo o verbo da frase “E aínda resta a sonrisa...” (40), que os dous tradutores eliminan na súa versión: “Y aún queda la sonrisa...” (L66; C77).

Do mesmo xeito parece claro que cando Cunqueiro fai a Hamlet exclamar *¡El Rei, seu afianzado, está cazando patos azulós!* (68) está botando man do francés *fiancé* ou, máis probablemente, do italiano *fianzato* ‘prometido, noivo’, italianismo que acae moi ben nunha escena en que tamén están presentes os cómicos italianos que chegaran a Elsinor para representa-la súa comedia, e ós que, na escena anterior, Hamlet saudou cun cortés *¡Buon giorno!* (61) que, por certo, manteñen en italiano os dous tradutores (L82; C85). Que o uso do italianismo é buscado polo autor queda aínda máis claro se temos en conta que estas palabras de Hamlet son repetición case exacta doutras ditas por Escaramuza na

14. *Ibidem*, 445.

15. Si figura en García, C., *Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro*, Real Academia Galega, 1991: *anosar*: ‘Facer noso, poñer na nosa lingua, traducir’.

16. Cunqueiro, *Tertulia de boticas y escuela de curanderos*, Destino, Barcelona 1976, 65.

escena anterior: *El Rei, teu prometido esposo, está cazando patos azulós* (66). Hai sen dúbida aquí unha referencia intertextual á obra de Manzoni *I promessi sposi*, obra que circulou en España co (mal traducido) título de *Los prometidos esposos*. A referencia intertextual mantéñena ámbolos tradutores (*tu prometido esposo*), pero o efecto estilístico conseguido co uso do italianismo *afianzado* (68) pérdese nas dúas traducións: *¡El Rey, su confiado esposo, está cazando patos azulones!* (L 88) e *¡El Rey, su prometido, está cazando patos azulones!* (C87).

A primeira escena da Xornada Segunda comeza con estas palabras de Poloño dirixidas a Malar e ós estudantes: *¿Cada un ten xa a súa bolsa? Gardádea ben. Todas levan ouro, e non embargantes cada unha paga algo distinto* (38). A segunda oración, *Gardádea ben*, aparece nas dúas versións traducida por *Guardadla bien* (L64;C77). Esta traducción parece correcta: Poloño aconsella que cada un garde ben a súa bolsa. Pero o traductor ten que estar sempre atento ás posibles ambigüidades do orixinal e, sospeito eu, estamos aquí ante unha. Cunqueiro usa, frecuentísimamente, o verbo *guardar* co sentido de ‘mirar’. Sen termos que aducir exemplos doutras obras cunqueirianas, onde este uso é abundantísimo, vemos que unhas páxinas antes do parlamento de Poloño arriba citado o Coro diríxese a Hamlet con estas palabras: *Garda ben pra ti mesmo, que eres unha señoría ilustre...* (20) e, un pouco máis adiante, Laertes asegúralle que o seu defunto pai *Pasaba a súa man pola testa, e despóis, colléndote do bico, gardaba longo pra ti, en silencio* (27). Nestes casos, tanto Losada coma Cermeño “traducen” o italianismo: *Mira tu mismo, que eres señoría ilustre* (L49) e *Mírate bien a ti mismo, que eres una señoría ilustre* (C71); *cogiéndote por la barbilla, te miraba largamente* (L55) e *tomando tu barbilla, te miraba largamente* (C73). ¿Non estaremos tamén no caso de *Gardádea ben* perante este mesmo uso italianizante e, en consecuencia, e congruentemente co feito nestas dúas ocorrencias citadas, habería que traducir por *Miradla bien*? O texto quedaría así mellor trabado: Poloño advértelles que *miren*, que *observen* cadansúa bolsa, pois a pesar de que semellan iguais, xa que *todas levan ouro*, son diferentes porque *cada unha paga algo distinto*.

Non é necesario recorrer ó italiano para explica-lo uso de *presto*, que tamén o ten, aínda que restrinxido, no castelán, onde significa ‘luego, al instante, con gran prontitud y brevedad’. Aínda que este uso aparece nunha anotación, e non no texto teatral propiamente dito, cremos que –tal e como fai Cermeño (C69)– se debe manter este adverbio na traducción, e non actualizalo –como fai Losada– en *luego*: *A parte do Coro vana decramando... adiantándose do mesto grupo pra decila, e voltando presto ao anónimo* (17) = *...y volviendo luego al anónimo* (L46).

Unha indubidable inspiración na cortés fórmula de agradecemento portuguesa *muito obrigado* está presente nas palabras do Estudiante 1º, que se despide de Poloño dicíndolle: *Vamos mui obrigados, meu señor* (42). Losada, experto traductor do portugués, mantén a fórmula engadindo un pronome persoal e suprimindo o posesivo: *Os vamos muy obligados, señor* (L67). Coma

outras moitas veces, é menos fiel a traducción de Cermeño: *Nos vamos muy agradecidos, mi señor* (C78).

Como xa antes indicamos ó falarmos da selección do léxico, Cunqueiro é moi afeccionado a usar arcaísmos. Un dos máis característicos dos seus textos é o uso de *ser* co valor de *estar*, *encontrarse* (lembrémo-lo fermoso verso inicial da cantiga de Mendiño: *Sediam' eu na ermida de San Simón...*) ou co de *haber*. Basten como exemplos estes tomados de senllos textos escritos en castelán: "*Al alba son alondras donde fueron los ruiseñores*"¹⁷; "*La Noailles fue una poeta menor. Ella venía de Rumanía... donde son felicísimas cosechas de rosas*"¹⁸ e "*El mirlo andaba todo el año volando desde el bosque a los huertos vecinos, donde al abrigo del norte son parras vetustas y fecundas*"¹⁹. Pois ben, cando Hamlet exclama "*A brétema será más espesa aquí, onde foi o corazón... Si, Poloño, onde foi o corazón*" (85) parece claro que Cunqueiro está botando man dese uso arcaizante de *ser* co valor de *estar*, *encontrarse*. O aire arcaizante pérdese nas dúas versións ó traducir por "*La niebla será más espesa aquí, donde estuvo el corazón... donde estuvo el corazón*" (L101) e por "*La bruma será más espesa aquí, donde estuvo el corazón... donde estuvo mi corazón*" (C93); nesta, ademais, aparece un posesivo que non estaba na lingua de orixe.

Hai, en cambio, outra ocorrencia que os dous tradutores resolven de xeito diferente. Fala Poloño do cranio da raíña Roxos Beizos, lembrando o momento en que o tivo nas mans, "*¿Alguén que non soupese... diría que foron alí, cobrindo os pequenos e apertados dentes, os beizos...? Losada mantén o uso (que fueron allí... los labios; L66), pero Cermeño actualízao en que estuvieron allí... los labios* (C77).

Outro arcaísmo conecta, por medio da palabra *señor*, as cantigas de amor medievais cos versos que Hamlet lle compuxo a Ofelia e que esta recita:

*Amiga, meu corazón que pide rosas,
laranxas pide i é isolado reiseñor,
amiga, tente el por señor! (33)*

Os dous tradutores coinciden, moi axeitadamente, en verte-lo lusismo *isolado* en *solitario*, pero discrepan na traducción do último verso. Cermeño mantén o arcaísmo e traduce correctamente (*amiga, él te tiene por señor; C75*), pero Losada convérteo en *amiga, ¡tenedlo a él por señor!* (L59); deste xeito, se no texto de partida a *amiga* era a *señor* do corazón do poeta, no texto meta lemos que este lle solicita á *amiga* que teña por *señor* o corazón do poeta. A

17. "Por León y el Bierzo, y final", publicado en *Faro de Vigo*, 1 de xullo de 1964; recollido en *El pasajero en Galicia*, Tusquets, Barcelona 1989, 157.

18. "Al alba con rosas", recollido en *Papeles que fueron vidas, Crónicas literarias*. Edición y prólogo de Xesús González, Tusquets, Barcelona 1994, 222.

19. "En la muerte de un bosque", da serie "El Envés", *Faro de Vigo*, 12/2/1965. Recollido en *El pasajero en Galicia*, Tusquets, Barcelona 1989, 76-77.

relación de vasalaxe queda así invertida: a amiga era a *señor* e pasa a ser requirida para que se converta en vasala. O cambio é radical.

Outros trazos do estilo de Cunqueiro

Xunto a esta utilización de barbarismos e arcaísmos no seu léxico, tamén é moi característica do estilo cunqueiriano a lítote ou atenuación: *Naves ancoraron na badía* non ousando *navegar* (19). A figura retórica, mantida na tradución de Cermeño –quen, sen embargo, engade un *algunas* que non estaba no texto orixinal–, *Algunas naves anclaron en la bahía* no osando *navegar* (C70), pérdese na tradución de Losada: *Naves anclaron en la bahía* temiendo *navegar* (L49). No mesmo descoido, que esta vez evita Losada traducindo por *no usadas* (L91), cae Cermeño: *Merquéi un libro no que viñan bicos e caricias* non usadas... (72) = *Compré un libro en el que venían besos y caricias* desusadas... (C89).

O profesor Tarrío ten sinalado como outro dos trazos estilísticos característicos de Cunqueiro a utilización da “*transcategorización, incluso cando os paradigmas da lingua teñen prevista unha unidade léxica sintética equivalente á analítica empregada polo autor ou, viceversa, cando na lingua está máis ou menos gramaticalizada unha estrutura analítica ou unha clase de palabra para cubri-lo que o autor logra mediante a habilitación dunha categoría non habitual nesa función. Entre estas expresións son moi frecuentes os sintagmas preposicionais:... “caixa de mérito”, “Revolución de Francia”...²⁰. Soamente dúas veces os dous tradutores coinciden en manter este trazo: *obra de mérito en marfil* (39 = L65; C77) e *pintura de mérito* (62 = L83; C85). Nas outras ocasións, unicamente o mantén Losada, e pérdese, lamentablemente ó meu ver, na versión de Cermeño; así, os sintagmas *pedras de precio, licor de precio, espada de precio* e *puñal de precio* (15, 21, 28 e 31, respectivamente) mantenos Losada (L44, 50, 55 e 57, respectivamente) pero aparecen convertidos en *pedras preciosas, licor caro, espada preciosa* e *puñal precioso* na versión de Cermeño (C68, 70, 73 e 77 respectivamente).*

As referencias intertextuais

Como xa vimos ó menciona-lo uso do sintagma *teu prometido esposo* e do medieval *señor*, son abundantísimas nos escritos do noso autor as referencias intertextuais. E así, nas palabras de Hamlet que anuncian que os cómicos van representa-la súa comedia precisamente *o día do medio do verán* (56) hai unha clara referencia á obra de Shakespeare *A Midsummer Night Dream*. Cunqueiro alude intertextualmente a esta obra en repetidas ocasións e sempre traduce

20. Tarrío, A., *A. Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*, Galaxia, Vigo 1989, 103.

midsummer por medio del verano: Hay en Finlandia el día “del medio del invierno”, como había en Inglaterra, –Shakespeare al canto–, la noche del medio del verano: “the *midsummer night*” ...²¹. En galego tamén usa exactamente a mesma fórmula cando, referíndose ás traducións españolas das obras de Shakespeare, e despois de gaba-la de *Macbeth* ó galego feita por Pérez-Barreiro e de citar –con menor entusiasmo– as castelás de Astrana Marín, asegura que “Na España, as mellores traducións de Shakespeare son as catalanas. Verbigracia a incomparable de O soño da noite do medio do verán, feita polo grande poeta Josep Carner”²². A referencia intertextual á mencionada comedia shakespeariana consérvana os dous tradutores do *Hamlet*, que a converten en *El día de la mitad del verano* (C83) e en *El día medianero del verano* (L77), pero estaría máis clara, sería máis evidente, se se traducise coa mesma fórmula con que Cunqueiro anosa o *midsummer* do título shakesperiano: *medio do verán, medio del verano*, ou sexa, *El día del medio del verano*.

Os erros de lectura

Ademais dos xa citados, hai algúns outros erros de interpretación recha-
mantes²³; velaquí algúns:

Hai un fragmento en que fala Hamlet da fantasma do Rei vello que se lle aparece na Torre da Voutre e que lle “pedía pronta e seca, amargue xusticia”. Temos, pois, nas palabras de Hamlet unha triple caracterización do substantivo *xusticia*: *pronta* (esto é ‘rápida’), *seca* e *amarga*. A versión de Cermeño afástase demasiado do texto orixinal, pois dos tres adxectivos aplicados a *xustiza* soamente queda un: *pedía, premioso y seco, amarga justicia* (C71). Algo máis respectuosa é a versión de Losada, que conserva dous: *pedía pronto la seca, amarga justicia* (L52).

Non Limiar que antecede o texto dramático, Cunqueiro escribe: ... *póño-me a contar a traxedia que alí, onde son as outas paredes que afalaga a hedra vizosa, acontecéu* (12). Nesta ocasión, na tradución de Cermeño vólvese perde-lo característico uso cunqueiriano de *ser* por *estar*: ...*me pongo a contar la tragedia que allí, donde están las altas paredes que engalana la hiedra frondosa, aconteció*

21. “Descansos invernales”, recollido en *O reino da chuvia. Artigos esquencidos*, Deputación Provincial de Lugo, 1992, 409.

22. “Shakespeare en galego”, recollido en *Obra en galego completa. Ensaíos, IV*, Galaxia 1991, 378-9.

23. Non me referirei ós de traducir *cachirula* (22) por *hembra* (L51) e *briladoras xerigonzas* (29) por *brillantes filigranas* (C73), que xa tratei nos meus traballos “*Proba-lo cachirula*” e *outras inaxes de cetrería en Cunqueiro*, relatorio lido no III Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Nova York, outubro 1991, e “*Espinela e xerigonzas, pedras de precio no teatro de Cunqueiro*”, publicado en *Cadernos de lingua, 6*, Real Academia Galega, A Coruña, 1982, 74-84.

(C66), fragmento en que, ademais, resulta semanticamente moi pouco fiel a traducción de *afalaga* por *engalana*. A versión de Losada traduce máis correctamente o adxectivo, pero non respecta a orde sintáctica do texto cunqueiriano e, lendo erroneamente, traduce *outas* por *otras*: ... *me pongo a contar la historia que allí, donde son otras las paredes que la hiedra lozana acaricia, aconteció* (L38).

O castelo de Elsinor está “*No peito penedoso da [illa] máis avesía*” (14), é dicir ‘aveseda, sombría, sombriza’, o que non é o mesmo que “*En el pecho rocoso de la más avanzada*”, que lemos na traducción de Losada (L43). Cermeño traduce correctamente por *sombría* (C68).

No mesmo Limiari dise que os veciños “*pillaban no trigo que os Hardrada mandaban mercar a Tilsit e no ferro que pagaban nas fragas de Bohemia*” (15). Neste fragmento, Cunqueiro usa *fraga* co valor de ‘fragua, forxa, ferrería’, do mesmo xeito que noutro texto castelán fai exactamente o contrario: usa *fragua* co valor de ‘fraga, terreo con pedras’ ou co de ‘bosque’: “*En el trascoro [da igrexa do mosteiro de Samos], dos coronados desenvainan espada. Dos góticos reyes de Asturias. El uno es Fruela I. Cuando salió el moro de estas fraguas, le dio el monasterio al abad Argerico, quien lo restauró...*”²⁴. Volvendo á nosa obra teatral, Losada entende ben o xogo cunqueiriano e traduce correctamente por “*y se quedaban... con el hierro que pagaban en las fraguas de Bohemia*” (L45), pero Cermeño guíase polos dicionarios e traduce erradamente: “*y rapiñaban... el hierro que pagaban en los bosques de Bohemia*” (C68).

Na escena V da Xornada II, Hamlet asegura que “*Dado un crime, todo o que se diga a seu arredor, dito por quen sexa, forma parte do crime, compínchate no crime, fáiote ponla, testimoño. Vencéllaste ao crime coma a un prado o cabalo con solta que alí pacesse*” (55). Unha solta é unha maniota, unha pexa. A traducción de Losada por “*Te vinculas al crimen como a un prado el caballo suelto que allí paciese*” (L77) é errada, pois un cabalo solto non está vencellado ó prado onde pacesse como *un cabalo con solta*, coa pexa que lle impide afastarse moito do prado. Posto que existe no castelán a voz *suelta* con idéntico significado cá nosa solta non hai razón para non mantela na traducción. Precisamente ese é o termo con que o propio Cunqueiro traduce a *solta trezada* que o señor Merlín lle pon a *doña Simona convertida en cervo* que aparece na historia “*A princesiña que quería casar*”²⁵ e que na versión castelá é *una suelta de cuero trezado*²⁶. E malia a falta de precisión, xa que unha *suelta* non é unha *soga*, parécenos neste caso mellor a traducción de Cermeño: “*el caballo ensogado que allí paciese*” (C82).

Na escena IV da Xornada Terceira, dialogando con Hamlet, Halmar di: “*Eu era o segundón da casa real. Dixeron que era bó pra soldado... Mandábanme a*

24. “A vísperas en Samos”, recollido en *El pasajero en Galicia*, Tusquets, Barcelona, 1989, 97.

25. Cunqueiro, A., *Merlín e familia i outras historias*, en *Obra en galego completa. Narrativa II*, Galaxia, Vigo 1982, 45.

26. Cunqueiro, A., *Merlín y familia*, Destino, Barcelona 1990, 47.

cansarme nas fronteiras. Cun pouco de sorte, incluso podería morrer de dardo nunha escampada" (68). Creo que Cunqueiro usa aquí a locución *nunha escampada*, que rexistra ERG significando 'con rapidez, prontamente, aprovechando una escampada (cesación momentánea de la lluvia)'; *nunha escampadiña* 'con la mayor rapidez y urgencia, sin la menor demora'. É dicir, que Halmar fala dunha morte de dardo, rápida, pronta, case instantánea. Ningún dos tradutores reproduce o significado da locución adverbial. Cermeño guíase polo DRAE, que rexistra o adxectivo *escampado* co sentido de '...terreno descuberto, sin tropiezos, malezas ni espesuras' e traduce por *morir de dardo en una descubierta* (C87) mentres que Losada traduce cunha palabra "belle infidèle": *morir de un dardo en una emboscada* (L88).

Hai un erro na tradución de Cermeño que probablemente non se debe ó traductor, senón a un corrector non avisado ou a iso que se chaman os trasgos da imprenta. No comezo da peza, na primeira intervención do coro, este fala "*...do... medo, ese segredo proxenitor de ousados e fusquenllos*" (18). Este estraño adxectivo volvémoslo atopar máis adiante, pois *O Fusquenllo* (65, 68) é o nome que Hamlet lle dá ó personaxe que Escaramuza vai representar na obra dos cómicos italianos. Os dous tradutores resolven de xeito semellante a tradución deste alcume: Losada traduce por *El Oscuro* (L85, 88) e Cermeño por *El Sombrío* (C86, 87) e ámbalas traducións son axeitadas, pois a palabra creada por Cunqueiro ten unha indubidable relación con *fuscus/fosco*. Por iso, é sorprendente a tradución de Losada para a frase arriba citada: *...del... miedo, ese secreto progenitor de osados y levantiscos* (L48)²⁷, pero sorprende aínda máis a versión de Cermeño, que seguramente traduciu por un *hoscós* que o trasgo da imprenta converteu en *¡chuscós!*: *... del... miedo, ese secreto progenitor de osados y chuscós* (C69).

Hai algún outro caso en que Cermeño le mal o texto orixinal, o que o leva á perda dun importante efecto estilístico. Así, nas palabras de Hamlet "*E ti, Escaramuza, modera a italiana viveza, o desenvolto natural, a presteza*" (61) hai un paralelismo nos dous sintagmas coordinados, que teñen a mesma estrutura artigo + adxectivo + substantivo (*a italiana viveza; o desenvolto natural*). O paralelismo consérvase na tradución de Losada (*modera la italiana viveza, el desenvuelto natural*; L82), pero non na de Cermeño, que interpreta como substantivo o que era adxectivo e viceversa, e destrúe así o devandito paralelismo: *modera la italiana viveza, la desenvoltura natural, la presteza* (C85).

Na última escena da peza, Hamlet ordénalle a Polonio que anuncie a Dinamarca que hai un novo rei e que prepare as exequias do defunto, dicíndolle: *Dispón un froleado funeral*. Nestas palabras, o adxectivo parece estar empregado no sentido do verbo *frorear* 'embellecer el lenguaje con elegancia

27. Seguramente Losada lembrou a irmandade Fusquenlla, que se "levantou" no século XV contra a nobreza.

de vocablos y frases' (ERG), e aplicado ós responsos e ós discursos laudatorios para o morto que, supostamente, serían pronunciados no funeral. Xa que logo, parece moito máis afortunada a tradución de Losada (*Dispón un floreado funeral*; L100) cá ofrecida por Cermeño, que seguramente pensou nas coras e ramos de flores que abundan nos enterros: *Dispón un florido funeral* (C93).

Hai outro momento en que Hamlet se dirixe á súa nai ofrecéndose para axudala coa alma e co corazón, en corpo e alma: *Todo o que precisedes pra non envellecere, eu volo daréi, de carne e de alma* (80). Aínda que cambia o subxuntivo polo indicativo, Losada traduce fielmente (*Todo lo que precisáis para no envejecer, yo os lo daré, de carne y de alma*; L97), pero Cermeño afástase demasiado do texto orixinal, cambia a orde sintáctica dos elementos e troca o infinitivo por un subxuntivo, co que resulta un texto semanticamente moi diferente: *Todo lo que preciséis para que no envejezca vuestra carne y vuestra alma, yo os lo daré* (C91).

O rexistro lingüístico

Queda aínda a cuestión, sempre difícil de definir, do rexistro lingüístico. Cando a raíña vella, ante a chegada de Bertil, exclamaba *Ídevos, honestas damas, que xa chegou o meu foderor!* (43) utiliza un derivado do verbo *-foder-* normal no galego para designa-lo acto sexual. A tradución de Losada, *¡Marchaos, honestas damas que ha llegado ya mi joderor!* (L70) utiliza un derivado do verbo "normal" en castelán. Menos axeitada parece a versión ofrecida por Cermeño, que utiliza un derivado de *follar*, verba que só aparece na última edición do dicionario da RAE e coa advertencia de que é palabra "vulgar", rexistro este que non acae na obra que nos ocupa: *¡Marchad, honestas damas, que ya llegó mi follador!* (C79).

Un dos fragmentos da obra en que a linguaxe ten un rexistro máis elevado é o parlamento de dona Guglielma en que declama o pranto que Melisenda facía polo Don Gaíferos: *"Adeus, señoría dos escadróns latinos, barba perfumada con ourego, as mans sempre envasadas en suaves luvas de pel de lontra!"* (60). É posible que esteamos aquí perante unha metáfora na que Cunqueiro imaxina unhas mans *envasadas*, coma un viño, un licor ou un perfume; non en van o verso de Alberti *¡Oh piernas como dos celestes ríos!*, en que se dá a mesma identificación dunha *parte do corpo* cun *elemento líquido*, é un dos preferidos por Cunqueiro e cita frecuente nos seus textos. O mesmo Hamlet compara a Ofelia cun viño: *Si foras un xerro de preciado viño, agora mesmo te bebía* (64). Pois ben, aínda que cambia o adxectivo de *suaves luvas* por *finos (guantes)*, a tradución de Losada mantén a posible metáfora: *...las manos siempre envasadas en finos guantes de piel de nutria!* (L81). Non ocorre o mesmo na versión de Cermeño, quen ó cambia-lo *envasadas* por *embutidas* (C84) fai que se perda a metáfora e leva ó lector a identifica-los dedos con chourizos.

Poloño pensa en Ofelia e exclama: *¡Enfardelada ma ten Hamlet con verbas*

fantásticas! (43). Novamente, por motivos de rexistro lingüístico, parécenos máis axeitada a versión de Losada (¡Hechizada *me la tiene Hamlet con palabras fantásticas!*; L68) cá de Cermeño, que utiliza un verbo do que o dicionario da RAE advirte do seu rexistro “familiar”: ¡Engatusada *me la tiene Hamlet...*! (C78).

As ausencias no texto

Por último, hai que salientar un fenómeno que aparece nas traducións con máis frecuencia da debida, e que nos advirte da necesidade de facer unha última e coidadosa lectura comparativa entre a versión e o texto orixinal. Trátase da ausencia de palabras, sintagmas e oracións que “desaparecen” na lingua de chegada. Subliño aquí os anacos do texto de Cunqueiro que faltan na versión castelá de Losada:

pousa o mofo verde que brilla en esmeralda ou ouro vello cando o roza a raiola do sol ou a luz das lámparas (17) = *crece un moho verde que brilla en esmeralda cuando lo roza un rayo de sol o la luz de las lámparas* (L46).

A cobardía é a moeda de máis baixa lei que hai (22) = *La cobardía es la moneda de más baja ley* (L51).

En demasía turbas e confundes aquí, Hamlet (34) = *Turbas y confunde (sic) demasiado, Hamlet* (L61).

Ofelia, confésate comigo. ¡Déitate aquí no lume comigo! ¿Que é amor? (36) = *Ofelia, confiésate conmigo. ¿Qué es amor?* (L62).

¡Ouh Ofelia, prepárate a bicar sangue, esterco, dados, medo! (36) = *¡Oh, Ofelia, prepárate a besar sangre, estiércol, miedo!* (L62).

Vai mui ben empregada en ti, adiviño, esa bulsa chea de ouro (41) = *Va muy bien empleada en ti esa bolsa llena de oro* (L66).

Eu teño parentes de meu que piden esmola na ponte de Constantinopla. En vez de cobrar, algún aínda pagara porque lle deixasen enxendrar (43) = *Tengo parientes míos que piden limosna en el puente de Constantinopla. En vez de cobrar, hasta pagaría porque le dejasen engendrar* (L68).

Si, finóuse o millor. Foi no camiño de Bohemia. Eu estaba facendo unha proclama... (48) = *Si, murió el mejor. Yo estaba haciendo una proclama...* (L72).

Pasou pola túa man moito ouro, pro en forma de números. Como si non pasase (54) = *Ha pasado por tus manos mucho oro, pero en forma de números. Como si pasase* (L76).

No fondo, unha parede chea, sen un vano (58) = Al fondo, una pared sin un solo vano (L79).

Si foras un xerro de preciado viño (64) = Si fueras un jarro de vino (L85).

Quero xustificarme. Unha virxe somellante é a un espello. ¿Quién compón espellos que se quebren, quén recompón nun espello ese momento en que naide se mirou nel aínda... (66) = Quiero justificarme. Una virgen, semejante es a un espejo. ¿Quién recompone en un espejo ese momento en que nadie se ha mirado aún en él... (L86).

Sin arredrarse da nai: levando pouco a pouco a man deica chegar ao empuño do longo puñal que leva ao cinto (81) = Sin apartarse de la madre: llevando poco a poco la mano hasta llegar al puñal que lleva al cinto (L98).

¡Hamlet, Rei e Señor noso, pon panos de liño nas feridas! ¡Hamlet, pon panos perfumados con menta! ¡Hamlet, eres Rei (83) = ¡Hamlet, Rey y Señor nuestro, pon paños de lino en las heridas! ¡Hamlet, eres Rey! (L99).

Algunhas conclusións

Esta comparanza –non exhaustiva– entre a peza teatral cunqueiriana e as dúas versións castelás permítenos tirar algunhas conclusións.

En primeiro lugar, os tradutores que utilicen textos de partida galegos deben ter en conta o problema engadido da ausencia dunha norma ortográfica ben fixada; como vimos, a soa ausencia dun acento gráfico pode levar a cambios importantes na lectura –e, en consecuencia, na traducción– do texto.

En linguas tan próximas como o galego e o castelán cúmprese, con maior frecuencia aínda, a afirmación do profesor García Yebra referida á traducción do francés ó español: a traducción “palabra por palabra” é case sempre a mellor, e isto refírese tanto ás escollas léxicas coma á orde sintáctica. Postos a escoller entre dúas versións dun texto –coma este– literario, é sen dúbida mellor a que, sen achegarse demasiado ó polo do lector, non se afasta tanto do polo do autor.

Por último, casos como as traducións de *pérola... doente, pelo roxo, caricias non usadas, caballo con solta* ou de *fragas de Bohemia* poñen de relevo, unha vez máis, que o coñecemento da obra completa e do estilo dun autor é necesario para traducir calquera dos seus textos; en autores bilingües como Cunqueiro, este coñecemento debe abrangue-los textos escritos nas dúas linguas.

